



CES
GALICIA
Consejo Económico e Social de Galicia

Ditame
6/19



**XUNTA
DE GALICIA**


DITAME

sobre o anteproxecto de

Lei de museos

e outros centros museísticos

de Galicia



APROBADO POLO PLENO O 21 DE NOVEMBRO



galicia



Xacobeo 2021

Todos os documentos do CES poden atoparse en

www.ces-galicia.org

Juan José Gallego Fouz, secretario xeral do Consello Económico e Social de Galicia,

CERTIFICO:

que o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, en sesión celebrada o día 21 de novembro de 2019, coa asistencia dos membros que de seguido se relacionan:

Presidente Agustín Hernández Fernández de Rojas

Secretario Juan José Gallego Fouz

GRUPO PRIMEIRO

CIG Miguel Malvido Cabirto
Susana Méndez Rodríguez
Natividade López Gromaz

UGT-Galicia José Carlos Rodríguez del Río
Olga Crespo Sánchez
José Luis Fernández Celis

CC.OO. Roi Fernández Rodríguez
Maica Bouza Seoane
Xesús Castro Baamonde
Carlos Pardo Pardo

GRUPO SEGUNDO

CEG Francisco Couso Cantos
Jorge Cebreiros Arce
José Manuel Maceira Blanco
Laura Otero Rúa
José Antonio Neira Cortés
María del Mar Barreiro Mariño
Cristina Rama Molinos

GRUPO TERCEIRO

UU.AA.	Jacobo Feijóo Lamas Cristina Pedreira González
SLG	Ramón Barreiro Carnota Marieta Pastoriza
Confrarías	José Antonio Pérez Sieira Manuel Daniel Formoso Moledo
Economía social	Antón Ínsua López
Consumidores	Miguel López Crespo Josefa Monteagudo
Universidade da Coruña	Ángel S. Fernández Castro
Universidade de Santiago	Edelmiro López Iglesias
Universidade de Vigo	José María Martín Moreno

acordou emitir o ditame que literalmente se transcribe de seguido.

ANTECEDENTES

1.- En data 24 de outubro de 2019 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o Anteproxecto de Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia.

Este organismo resulta competente para o ditame deste anteproxecto de lei de acordo co previsto no artigo 5 da súa lei de creación (Lei 6/1995, de 28 de xuño). O devandito artigo establece entre as funcións que corresponden ao CES a de emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo, atopándose entre os primeiros aqueles que versen sobre *“Anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. (...)”*.

2.- O texto do anteproxecto foi remitido, en data de 30 de outubro, á presidencia e aos membros da Comisión Sectorial número 2, *Sector público e bienestar social*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame, co fin de iniciar os traballos de estudo sobre a devandita proposta. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O anteproxecto a ditaminar ven acompañado, entre outros documentos, da Memoria xustificativa e económica-financeira, do Informe de impacto de xénero, e a Memoria sobre as alegacións e informes ao anteproxecto de lei.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 8/19, de data 11 de novembro, acordou aprobar a proposta de ditame e remitila á Presidencia do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 9/19, do 21 de novembro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia.

ESTRUTURA E CONTIDO

Tal como se reflicte na exposición de motivos, o anteproxecto sometido a ditame nace coa pretensión de ofrecer un marco xurídico no que teñan cabida, non só as distintas realidades museísticas de Galicia, senón tamén a súa riqueza temática. Este anteproxecto non só integra aos museos e as coleccións museográficas, senón tamén os denominados centros de interpretación do patrimonio cultural, de modo que estas tres figuras integran o concepto máis amplo de centros museísticos.

En coherencia, regúlase un sistema galego de centros museísticos, cuxo obxectivo é poñer as bases de coordinación precisas para mellorar a organización e funcionamento de todos os centros que nel se integren.

Os centros museísticos constitúen na actualidade unha importante ferramenta de promoción e desenvolvemento cultural de calquera sociedade. Así como un dos vehículos máis importantes para facer efectivo o recoñecemento constitucional do acceso á cultura.

Para acadar estes obxectivos o anteproxecto de Lei estrutúrase en seis títulos, catro disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e tres disposicións finais.

Xunto á devandita exposición de motivos, o anteproxecto de lei contén 136 artigos que se estruturan en catro títulos, once disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e tres disposicións derreadas.

O título I, “Disposicións xerais”, artigos 1 a 6, fixa o obxectivo da lei, o ámbito de aplicación e define cada unha das tres categorías de centros que por primeira vez pasan a integrar o concepto de centros museísticos na nosa Comunidade autónoma: museos, coleccións museográficas e centros de interpretación do patrimonio cultural.

O título II regula o “Sistema Galego de Centros Museísticos” (artigos 7 a 18), do que formarán parte os centros das tres categorías definidas pola lei, sempre e, en todo caso, se son de titularidade pública, así como os privados que voluntariamente escollan integrarse no mesmo. Así mesmo o nomeado Título II aborda o réxime de creación dos museos, das coleccións museográficas e dos centros de interpretación do patrimonio cultural. Finalmente contéplase a posibilidade de que os diferentes centros do Sistema poidan agruparse nunha rede.

O título III, artigos 19 a 24, céntrase na “Estrutura e funcionamento dos centros museísticos”. Este título refírese ao modelo organizativo destes centros no tocante aos recursos humanos, facendo especial fincapé nos centros de titularidade e xestión autonómica.

O título IV deste anteproxecto, adicado á “Xestión dos fondos e coleccións museísticas” (artigos 25 a 40), estrutúrase arredor de tres aspectos: en primeiro lugar o relativo ao concepto e colección museística; en segundo lugar, tamén se regula neste título a xestión documental e o tratamento técnico dos fondos museísticos; e, finalmente, o terceiro aspecto que trata o Título IV é o relativo á investigación, difusión e comunicación.

O Título V regula as “Medidas de dinamización” (artigos 41 a 46), consagrando o principio de colaboración no ámbito dos museos.

Por último, o Título VI establece o “Réxime Sancionador”, (artigos 47 a 55), reunindo os elementos definitorios da potestade sancionadora despregada para garantir o cumprimento das previsións contidas na lei

Finalmente, o anteproxecto incorpora disposicións que conteñen disposicións de distinta natureza, entre as que destacan as destinadas a poñer en orde cuestións de desenvolvemento regulamentario ou de transitoriedade, que faciliten a aplicación da lei.

CONSIDERACIÓN XERAL

O CES bota en falta, na parte final da exposición de motivos, a necesaria mención a que o texto do anteproxecto foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

- **Artigo 2. Ámbito de aplicación**

Máis alá do recollido no artigo 3.1, en relación ao sometemento ao réxime de protección da Lei do patrimonio cultural de Galicia para os bens declarados de interese cultural e os inmobles dedicados a museos de titularidade autonómica, o CES bota en falta a non inclusión como centros museísticos dos espazos, monumentos e bens inmobles con valores históricos, arqueolóxicos, ecolóxicos, industriais, etnográficos naturais e culturais de carácter museolóxico que reúnan, conserven e difundan conxuntos de bens culturais ou patrimonio vivo.

- **Artigo 3.- Definición e funcións dos museos. /Artigo 4.- Definición e funcións das coleccións museográficas. /Artigo 5.- Definición e funcións dos centros de interpretación do patrimonio cultural**

O CES considera que a realización de prácticas curriculares en museos e outros centros relacionados do alumnado de titulacións en campos como os de museos, arquivos e bibliotecas, de historia, historia da arte, antropoloxía, xeografía ou documentación, redunda en beneficio do propio sistema museístico e da sociedade galega.

Por tanto, o CES propón engadir ás funcións dos centros museísticos a de contribuír á formación dos profesionais e investigadores das titulacións relacionadas coa natureza destes centros.

• **Artigo 10.- Consello de Centros museísticos de Galicia**

O CES considera que o Consello dos Museos de Galicia debería ter unha maior participación no *“Deseño e planificación da política museística de Galicia”*, que na proposta actual se limita a unha mera labor informativa.

Por outra banda, atendendo aos sinalados criterios de pluralidade e representatividade, a Lei debería contemplar a posibilidade de ampliación do número de vogalías que prevé o apartado 2.b).

• **Artigo 23.- Réxime de visitas**

O CES considera necesario que se contemple no artigo 23, ou nas normas de desenvolvemento da presente lei, o réxime de acceso libre aos museos e outros centros museísticos de Galicia a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, entre outros.

• **Artigo 24.- Condicións de acceso**

Se ben pode entenderse que as referencias ao principio de non discriminación e á atención aos colectivos con dificultades de integración atinxen tamén aos colectivos con discapacidade ou diversidade funcional, o CES entende que esta cuestión ben merece unha referencia expresa.

O CES bota a faltar nos artigos relativos ao Réxime de visitas e ás Condicións de acceso, algunha referencia expresa á garantía de accesibilidade universal. Cómpre aclarar que esta accesibilidade vai máis aló da simple eliminación de barreiras arquitectónicas, pois implica un esforzo por facilitar o desfrute do patrimonio cultural aos diversos colectivos con discapacidade ou diversidade funcional.

• **Artigo 29.- Doazóns e legados**

O CES considera que sería positivo que a norma presentase unha maior concreción das actuacións incluídas no plan de fomento de doazóns e legados artísticos e culturais que sexan de interese para preservar a identidade de Galicia.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Agustín Hernández Fdez. de Rojas

Juan José Gallego Fouz



www.ces-galicia.org